

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

REDAICIÓN E ADEMINISTRACIÓN

Rúa Real, 36 - 1.<sup>o</sup>

A CRUÑA

PRECIOS DE SUSCRICIÓN

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, trimestre 1'50 pesetas. América, trimestre 2 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO IX

25 de Xullo de 1925

Núm. 215

## DÍA DE GALICIA

Están de mais as verbas no día de hoxe. ¿Qué ímos dícir do noso sentimento que non sintan e comprendan cantos nos leen adoito?

Hoxe é día de facer exame de concencia Que cada un vega se rendiu todo o que é capaz de ll'ofrendare a sua Terra; obriga moral que non debe esquecer ningún galego.

N-esta data renovemos o voto feito coa Nai Terra e endexamais nos pareza que xa fixemos d'abondo pol-o seu ben. Agora mais que nunca axuntémonos todos n-unha apreixada aperta ollando sempre ao lonxe por onde alumea a estrela que "é unha fogueita que xa está preto".

Teñíamos fé no porvir de Galicia, é digamos co poeta:

Irmans. en pé, sereos!

Saúde e Terra.

## NO DÍA DA TERRA

Levamos case dous anos de fondo silencio, deinxente quietú: todo cala en torno de nós... Parés que nada se remexe na terra e que a semente botada ás mans cheas pol-os que teñen fé na virtualidade dos nosos outos ideaes, morre baixo do chan sen atopar o mais pequeno burato por onde poida saír en busca de aire e de lús. E sen embargo, noso espírito está cheo de ledicia pois n-ese silencio que parés tan ausoluto, n-esa quietú que somella tan compreta, ouvimos os pasos e sentimos as palpitaciós que nos anuncian a chegada dos tempos novos, o trunfo da causa pol-a que de cote loitamos. Quezáis nunca os feitos e os homes, os amigos, e sobor todo os inimigos, traballaron con tanta autividade e tanta eficacia en pro d'esa causa, coño n-estes dous anos qu'están a acabar...

SALVADOR CABEZA DE LEÓN  
Compostela, no mes de Santiago de 1925.

# CAMINHOS DE COMPOSTELA

Noutrora, dende-l'Oriente lonxano, caminhando apor do Sol, nosa guía sempre nos vieiros da emigración, entraron, os Celtas abós, polos cumes pirenaicos. De noite, unha banda ardente no ceo, levabaos tamén cara a nosa terra.

Atrás deixaban a poboaçón íbera, saída do Atlas, fondo perene de mais da metade da Hespanha, que, aló perdida nas montañas vascas, conserva hoje pura reliquia.

Cando toparon co mar que acababa coa sua milenaria romage, deron, ás derradeiras puntas en que asentáron pé, en França e na Gáliza, o nome de Fisterre.

Eran, a vida da Europa, a futura civilización d'Europa, o sangue da Europa que por primeira vez nos visitaba. Y, eles, por primeira vez tamén, anchos e fondos, abrindo os caminhos místicos de Compostela\*.

\* \*

Logo, canto do noso continente viñera á Península - celta, roman, suevo, godo - quedou solagado por outra marea africana, por unha nova invasión berebere. O Califato, bordeando os desertos, chegaba dende Damasco até a terra dos Francos, con terrible ameaza de destrucción. Pra se defender, creou Carlo Magno a Marca Hispánica nas ribas do Ebro, e asinou aos Francos - a nazón de Deus, coma declarara o Papa Esteban II - a cruzada sin repouso no pais do Sur, pra repelir os Sarracenos.

A invenzón do Apóstolo, dí a Compostelana que ocurriu «sub tempori Caroli Magni». E a crónica de Turpin - que aunque sexa dun monge de Santiago, encerra mais verdade que os travestimentos d'hestoria que acostumamos lér - refire que foi él quen creou á Sede Compostelana, e quen puxo a Iria baixo dela, facendo-a lumieiro da fé n'Ocidente, e marcando este rumo á Cristiandade. Por apartado, por condizóns naturais, por razós étnicas, era o lugar mais adoadoo pra ser baluarte da fé.

«Toda-l-as noites, o poderoso Imperadore, via no ceu un carreiro d'estrelas, que, comenzando no mar da Frisia, pasaba ante a Ger-

mania e a Italia, antre a Galia e a Aquitania e atravesaba a Navarra e a Hespanha pra chegar a Gáliza, onde descansaba o corpo do venturoso Sant-Iago».

Os caminhos místicos de Compostela volveron a abrirse por oito séculos pra gañar as grandes batallas da Reconquista, pra fundar colonias francesas con foro própeo, pra nos donar Condes e Reises, os romances do ciclo carlovingio, artes e sabencia, pondo na alma da Península un rexo fermento do meieovo europeo.

Santiago, pra nós non foi o Cabaleiro implacabel nos combates; nin o facedor de aventureros que puñan na lanza un giron religioso pra gañar terras de seu; nin tampouco o acompañador e tutelar destos novos emigrantes que quedaron sementados nas Castelas, coma raza dominante e aparte da raza qu'ali vivía. Nin nós ajudou siquera na nosa reconquista, porque já a tiñamos feita.

Pra os galegos, o Señor Sant-Iago é o edificador da vila Santa, o benfautor constante, o inspirador de Matheu e das nosas artes, o pai da nosa grandeza, da nosa cultura, do xenio galego. Con Gelmírez, ó Grande, donounos un pensamento eterno y azos eternos, que aló no Pico Sagro flamean con Luz que n'apagan o tempo nin os homes.

As ideias viageiras, a espiritualidade irmán viñan dende do centro a este pedazo d'Europa, pola faixa brillante do ceo pasando por cima d'iberos e sarracenos, e permitíndonos vivir arredados dos que non sentían, nin querían, nin descurrián coma nós,

\* \* \*

Unha lagoa de cinco centos anos. A toma de Granada acabou cós romages á Santiago: a Cruzada do meiodía foi finda. As pontes, as estradas, os hospitals, as vilas que nos nian a Europa, afundironse. A Hespanha encerrouse en sí, fixose mais ibera. E a nós, pechouno-l-a vía sagra que o sangue á tradición, a sensibilidade, e canto fai vivi-l-as nazós, nos donaron. Galiza ficou esquecida, afastada, de-

## A NOSA TERRA

negrida; como dijo Rosalía, extranjeira na sua pátreia.

A ardentía celeste, caminho espiritual dendeis Compostela ao mar de Frisia, sigue chamando o vó d'os nosos pensamentos e berradonos jirmans da terra! onde está a limpa fonte da nosa vida e da nosa cultura,

E si ela é boa, tarde ou cedo ha triunfar, porquc os homes de grado ou força submítense; mais non hai poderío capaz d'abafar unha espiritualidade.

PORTELA VALLADARES

## No día de Santiago

Sendo Compostela a mais enxebre das cidades galegas é tamén a mais universal. Toda a cristiandá axoénllouse a sombra das boradas romanecas da basílica apostólica e hasta o invasor musulmán sentiu un relixioso temor dian-te o miragre do sepulcro. Armenios e flamencos, wikkings e sirios loubaron a gloria de Santiago; as língoas mais estranhas, os instrumentos musicais de todal-as latitudes acendérónse coma cirios de fé n-unha consagración secular e cosmopolita. E Santiago seguiú sendo fondamente galega a diferenza das cosmópolis modernas criadas pol-o diñeiro e-o prazer, sen arraigare no cerne eterno da terra onde fro-receu.

Nesa xuntanza – galeguismo, cristianismo – está a gloria de Compostela e-a razón de que sexa unha metrópoli. Sen ela non se podería explicar a formación da concencia europea no misterio fecundo da Edade Media. Sen ela non sería Galicia unha indestrutible individualidade. O labrego alcontra nos tempros de Santiago igual sinxeleza que na sua parroquia monte-sia, o peregrino alecontra o aire ecuménico de Xerusalén, de Biranco ou de Letrán. Santiago sen ter o prestixio romano e imperial de Tarragona, de Mérida nin Sevilla, sen ter a capitalidade monárquica de Toledo, foi metrópoli relixiosa porque o miragre sifialou ó sepulcro do Apostol na terra celta ond'a montaña vai en procura da mariña coma un simbolo dos doux temas eternos da alma de Galicia: a saudade da terra nai, a saudade dos camiños do mar.

RAMON OTERO PEDRAYO  
Ourense.

## *Do tempo dos caciques*

(*PR' O DA «CASA DAS EDRAS»*) (1)

*Namentral-os teus lacayos  
Espallan, a voz en grito,  
que tel-a chave dos rayos,*

*Eu (que xamais t'acatára,  
E non preciso caretas  
Para defendel-a cara).*

*Confeso, perdonavidas,  
que quero verch'as entranas  
Entr'os corvos repartidas.*

*Confeso que ten que haber  
Forza de cabezas rotas  
Sobre quen te ha de moer.*

*Que o servo, ¡aquel coitadiño!,  
Xa che se ruben ás barbas,  
Xa ch'acena co fouciño.*

*Que predestinado estás  
Para che peinar o pelo,  
(O de diante pra detrás...)*

*¡qué te vexo e non te vexo!,  
que sólo estoupar che queda  
Si non colles no pelexo.*

*Que a aldea, en fin, se fix'ollos.  
E que agora pr'alzar medas  
¡X'adios parvos!, ¡X'adios mollos!!*

ANTONIO NORIEGA VARELA.

(1) Que tiña vintecinco chamíneas.

# Este número foi revisado pol-a censura do Goberno civil

## UN NOVO DIA

*Sant Yago: Gran día:  
As lindas estrelas de noite bailano  
na anchurosa vía  
que no azul branquexa do ceo lonxano.*

*Lañouse a ferida sanguenta do día  
e o gromo bermello do sol pol-o abrebre  
ergueuse lucente  
Os mundos enchendo de amor e alegria.*

*Hosanna! cantaron os bélicos mares,  
Hosanna! ecoaron os altivos montes,  
Hosanna! escoitouse por antre os pinares,  
na i-auga dos ríos e a linfa das fontes.*

*Abalando no ambiente,  
tremecente,  
à fror pura e delicada  
da alborada,  
despertouse do sono en que durmía,  
e armoñosa, na gaita, á vella usanza,  
debullo a canzón d'un novo día  
envolto no perfume da esperanza.*

GONZALO LOPEZ ABENTE.

Muxía, 25 de Sant Yago do ano 1925.

## 25 de Xulio

Hoxe é o día grande de Galicia, o día do gioso patrón das Hespañas, d'aquel que prediou a *boa nova* na terra galega.

Todos, n-esta data dos grandes recordos e das grandes evocacíos, e mesmo os alonxados, dos nativos eidos como os que tivemos a sorte de non os abandonar, temol-a obriga de erguelos nosos corazós e adicar os nosos pensamentos en col á nosa terra.

Para ela, n-este día, deben seren todolos nosos afectos e n-este día deberán seren mais grandes as espranzas que aniñen nos nosos peitos, pois xa loce a ridente alborada na que, no porvir, o 25 de Xulio deixe de ser o día das aspiracíos e sexa o día no que se santifiquen cumpridos xa todolos nosos anhelos.

Nos non o abrangueremos; pero os que nos sucedan han de terán, para os nados d'estes tempos aquellas mesmas agarimosas lembranzas que nosoutros gardamos para os *precursores*, para esos «nosos apóstoles» que nos deixaron trazado o sulco á seguirmos para a *gran obra* da dignificación da terra galega.

UXIO CARRÉ ALDAO

## No día de Galicia

En certos momentos é difícil poder escribir unha cousa axeitada a un asunto concreto. A un dinlle. «Escribame vostede un artículo sobre do tempo, vervigracia, Tesmo que dar mañán a primeira hora. E o mais que lle podo esperar».

E resulta que non estamos n-aquel momento para escribir. Nin a sobre do tempo nin a sobre nada. Collemol-a pruma na man e poñemol-o papel diante. Esperamos así a ver si a forza do costume fai un milagre que nos saque do apuro. Pero como o pensamento non se move a pruma tamén está queda.

Este é o meu caso hoxe. Teño que facer este artículo e non sei cómo. Eso que o título namais abonda para que o curazón salte e o pensamento colla o mundo por seu. Pois asi e todo... O pensamento non se pon a tono coa soleminidade a fechas fixas d'ante man.

O día de Galicia... ¡Qué vai un decir do Día de Galicia nin de nada! Unicamente que tras us tempos veñen outros, e que as mellores romerías son as de lonxe, ás que se tarda moito en chegar. N-esto os galegos estamos ben sábidos.

Pra todo bon galego todol-os días deben ser días de Galicia. Pensando sempre n-ela, estudiánda-la cada vez mais para comprehendela mellor e querela moi adentro, moi adentro. Darlle o corazón cheo de amores, de sacrificio polo seu ben, e procurar sempre que sea respetada por todos, cando non querida. Leerôs seus grandes escritores e poetas que son os que nola descubren e lle abren as portas do noso corazón.

JOSÉ LESTA MEIS

## Non é aínda

¡Día de Galicia!

Hoxe é para nós un tristeiro dia cando debía ser ledo e lumioso coma unha rayola do sol.

Día de Galicia chamámoslle, mais é un título que lle non cadra ainda. ¡Somos tan poucos os que pensando no ben da Terraadicámoslle un anaco do noso curazón!

¡Falar galego! ¿Quén ten azos para honrar a fala nosa usándoa con dinidate nas vilas? ¡Pobre fala galega que a iñorancia repudia por parecerlle ordinaria!

Ti, miña fala galega, és a mais nobre e a mais aldraxada, quizaves mais que polos mesmos galegos que non saben ter a gallardía de te conservaren como expresión característica da sua raza; que non comprenden o sentimento da propia estimación declarando na propia fala o seu orixen, e prefieren humillarse acochando a sua procedencia con verbas alleas coma se ocultaran algo abafante,

¿Por qué non dicir: ¡eu son galego! ¡eu teño a honra de ser galego!

¿Quén renegaría da sua nai?

¡Día de Galicia!

Oh! Si os que alaudan aos nosos groriosos poetas sentiran co'iles; si os que cobizan títulos académicos honrasen a fala da Terra; si as nais e os mestres d'escola non reprenderan aos seus fillos e discípulos porque falan en galego...

Daquela sí, o día de hoxe poderíase celebrar en Galicia.

Daquela sí, hoxe sería un dia grande.

Mais ¡está tan lonxe ainda!

¡Cánto temos que bater en todal-as concencias para lograr que vaian acordando!

Inda que xa foron acarrándose as mestas brétemas da indiferencia.

E un día chegará en que todol-os galegos comprendan craramente as verbas que dé cote marmulan os rumorosos.

Daquela...

LEANDRO CARRÉ.

## H O X E

Certamente que ten de ser de fonda tristura para nós, os que rendimos veneración cotidián ao culto da Terra, que chegue o día de hoxe, o noso día maior, e non poidamos adicarlle todo o noso entusiasmo nen expoñer publicamente o noso pensamento cristaiño.

Hoxe que debera ser un dia de ledicia, de festa grande, non podemos manifestalo exteriormente.

Mais quizais que sexa un ben o que agora, circunstancialmente, nos sucede. Ollando a imposibilidade a que nos vemos sometidos afirmaráñse mais en nós as nosas creencias e o noso credo patriótico toma caráteres xigantescos no fondo das nosas concencias, ucha santa que ningún pode violar.

No noso corazón rebule a ledicia da festa de hoxe mixturada con unha enorme e cega espranza no mañán. Na face maniféstase a caraxe, a xenreira do escravo que sabe o é inxustamente.

E ningunha opresión durou eternamente.

Todal-as ideas grandes pasaron tamén por grandes vicisitudes e foron ouxeto de persecucións e malos tratos. Mais ao fin impuxérónse e trunfaron como sempre trunfan e impóñense as boas e xustas causas.

A nosa non pode estar exenta d'estas altas e baixas que constituyen ao meu xuicio o mais grande e alentador atraíto.

¡Qué grandeza e maxestade encerra este continuo sobresalto e inquietudanza! E de cote a espranza e a fé coa convicción da grandeza do noso pensamento, a rebuldar no noso corazón acugulado de patriotismo.

VICTOR CASAS

# ¡Santiago bendito...!

Os tempos melloran, e inda teñen moito de mellorar, y han de facelo inda que moitos non queiran, porque son eles, os tempos, os que camiñan, e os que nos levan a todos, grandes e pequenos, por onde eles van, por onde eles queren.

Sempre as invasiós, por moi políticas que viñeran, foron asoballeiras nos comenzaos, e tiñan tamén que selo agora, por moita comedía que n'algunha houbera. E xa se sabe, cando chove, abril-o chanteiro, ou agardare, que é moito millor, pra que os chuzos non nos molllen nin nos firan.

¡Había que vel-as caras feras de moitos, y-as carantónas que facían, cando os *rebeldes* y-os non domeñados, ergúianse pra defendel-a terra onde naceron, e falar na sua língoa, e traballar pol-o seu rexurdimento, proclamando a todol-os ventos a persoalidade galega, e imponiendo o seu valere a cantos atrevéransen a negalo ou a escarnecelo!

Maina e respetosamente había que chegará hastra os salós, e coa puchiña na man, e quedamente, dándolle voltas ás verbas, pra que a ninguén magoasen, pedir con moita cortesía certos permisos, pra falar en galego, pra falar como falan os nosos labregos, os nosos poetas, os séculos do noso grorioso pasado, os corazós dos boos e xenerosos da terra...

E había que facelo con certas condicíos, con certos compromisos, como si as nosas xentes foran as que camiñaran por certos sendeiros perigosos...

Pasaron tempos, non moitos, e xa se pode falar en galego, xa poden falar as xentes nas

susas língoas, ¿Xa poden? ¡Xa deben! Díxoo pol-o visto quen pode, alá en Barcelona. E xa resoaron n'as nosas oulas montañas aqueles consellos, xa os nosos labregos, que desde entón estuvéron caladiños coma pefos, porque outra língua non sabían, falan como descosidos, na galega. E hastra nas prayas, nas nosas fermosas prayas cibdadans, houbo quen, coa venia que dende lonxe mandaron vestidá con manto rexio, falou solememente na sua língoa, e tamén quen oiu *piropos* de adulós, que nunca faltan na terra pra a-sua vergoñosa, en aquela que prohibira o coitadío, como cousa terrible para a patria española...

Os tempos melloran. E han de mellorar inda que moitos non queiran. N'este ano xa andiveron o camiño que perderán, e sabe Dios cantó andarán hastra o que ven.

E ti, Santiago bendito; que en Compostela te temos, si és galego, e si estás afeito á terra que te garda, e as xentes que te ergueron a fachendosa catedral que te cobre, onde recibes sentadiño ás xentes que desde fai tanto tempo te visitan, si é verdade que sacache a tua espada (que feño pra min que nunca fuveche) pra os mouros, e diche n'eles hastra esnaquizalos, vaña limpando por si os enemigos da terra galega, que é a tua, inzan o chan da nosa patria, que coido que como teñas que dár n'eles, has de matar más que mouros, por moitos que te asignen as tradicíos milagreiras. E pensa que ésta é a tua casa, y-a dos teus, e o menos que podes facer, si tan ben te atopas n'ela, é ser bon galego.

ANGEL DEL CASTILLO

# LEMBRANDO OS PRECURSORES

Debemos n'este Dia unha lembranza ós *Precursores*, ós que pirmeiro que nós souperon evocar no cristal da espranza o verdadeiro Dia de Galiza, aquil gran día en qu'ollemos realizado esencialmente o ideal do noso rexurdimento.

Iles fixeron antes que nós o camiño cheo d'espiñas que nós levamos; que xa sabemos que non hai mais qu'aldraxes e caloñas pros que consagran a sua vida ó servizo da Terra Galega. Pól-o qu'iles sofriron antes que nós, debésmolles, coma galegos e coma discípulos, esta lembranza no día de hoxe.

Non é pra dito coma puxeron ó probe Brañas, poño por caso, os eternos «imbéciles y escuros»...

Esliven lendo istes días o libro de Brañas, tan ardente, tan acceso de sentimento, tan asisado e prudente na doutrina. Todos falan de *El Regionalismo* de Brañas coma de causa sabida, de tan sabida, esquecida; ningúén ll'adiou ainda o estudo que merez.

Posto en comparanza cos estrevementos de Antolín Faraldo, o rexionalismo de Brañas ven ser unha recuada. Do romanticismo esencialmente literario, todo pulo e ardicia, vimos ó romanticismo repousado e sabio da escola histórica, qu'anuncia xa o positivismo no qu'iste ten de verdadeiramente centífico, de verdadeiramente positivo. Savigny anuncia a Taine; Brañas anuncia *Solidaridad gallega* e as Asambreias de Monforte.

Mais nido, mais craro o galeguismo en Faraldo, a pesares da sua vaguedade; mais confuso en Brañas, a pesares do seu sistema.

Faraldo, expatriado ó fin en corpo e alma, despois do tráxico desengano do 46, indo prostituir o seu romanticismo nas promiscuidades do Meodia, meridionalizado, esgotado en frivolidades, foi emporiso, ó principio, o vidente e o profeta, foi o definidor da *Grande Obra*. Aquil era o Faraldo verdadeiro, non a fantasma esmorecida que s'arredou de nós, o desenganado *Aben-Amar* das perdidas ilusións.

Brañas soupo ser fiel ate a morte. A luz viva do xenio que foi lóstrego en Faraldo – anque lóstrego que chegou ó fondo da y-alma dos «bóis e xenerosos», e ali ficou alumeadando pra

sempre o ideal – amóstrase en Brañas atrás dos vidros entrubiados por un respeito un pouco de mais pol-a comenencias. Mais ali está acesa, e ás veces quer crebal-os vidros que nona deixan pasar pura..

Hai, efectivamente, en Brañas, unha loita interior ben crara: il quer pôr prudentes lindeiros á sua arela galeguista; mail-o seu sentimento, a sua concencia interior, quer romper os valados e suriir pra fora, en precura do fito verdadeiramente presentido. Ben s'olla isto nas voltas qu'il dá pra non chegar ó federalismo; mais conforme un vai leendo, millor se vai un convencendo de que o que Brañas quer pra Galiza, somentes se pod'a abranguer nunha constitución federal da Hespaña. O que pasaba d'aquela, era que o caraute de radicalismo repubricano do federalismo hespanol, lle non apracía a Brañas, que militaba no campo da dereita, e por outra parte, aquil federalismo consagraba o principio individualista, que Brañas consideraba disolvente das colectividades naturás, que precisamente tratábase de salvar. E craro, antr'o centralismo e o federalismo, Brañas quedase á mitá do camiño, en contradicción moitas veces coa sua propia doutrina.

Por esto todo, o moderno nacionalismo galego, deriva mais de Faraldo que de Brañas.

En froques, hoxe, en doutrina política, resulta Brañas moiito mais moderno que Faraldo, que Murguía, que Vicetto, que todolos galeguistas do século XIX, un percursor de moitos antiparlamentarios do noso tempo. Posto a carón de Duguit, de Sorel, de Sardinha, de Maurras, dos mesmos comunistas, non somella Brañas tan anacrónico coma somellaría o propio Pi y Margall, de quen proceden, eiqui mesmo, moitos dos nosos nacionalistas da esquerda.

Non foi moita a influencia de Brañas en Galiza. A imaxinación romántica de Vicetto, ceibada pol-a historia adiante dando trompicós, erguéndose ás veces en adiviñacións prodixiosas, fixo mais efecto en nós, que non a cencia prudente do profesor compostelao. É que Vicetto era un valente: non tiña medo ás consecuencias dos principios que asentaba.

Un pouco mais contido, mais prudente era

Murguia E non hai comparanza antr'a infuencia de Murguia e a de Brañas no púbrico galego. Quén cita a Brañas xa? E a Murguia terémolo que citar un día e outro día, naméntras se fale de Galiza. Inda non quita que teñamos que citar ainda a Breñas; mais ten que ser pra desenrolar, pra levar adiante a sua doutrina.

E tivo que calar, Brañas agarda na tumba a qu'algún diga o qu'il non s'estreveua dicir, mais qu'il sintía ben fondamente...

Agarda coma nós o Día de Galiza!

Ourense

VICENTE RISCO

## Aos nosos leitores

Dende este número, *A Nosa Terra* tirase na imprensa propiedade da editorial *Lar*.

Para a boa marcha do noso idearium, este feito é d'unha gran trascendencia pol-as ventaxas enormes que nos facilita como son corrección de probas, distribución de orixinás, variedade de letras, saída normal e demais aspeitos de presentación co que moito ganarán os nosos leitores.

Para que a renovación sexa completa variamos o formato, dándolle un mais manexabre, e o papel, de millor calidad que o que viñamos empregando.

¡Somentes n-unha cousa continuamos o mesmo. Na ideoloxía. O que é mais fundamental n'este boletín, anaco do corazón de cantos n'el posfemos as mans, se non trocou nen se trocará. O ideal galeguista, íntegro, continúa sendo a bandeira baixo a que nos cobixamos pensando sempre no porvir e de cando en vez realizando éstas pequenas millorías, materíás en ousequio a quenes nos prestan a sua axuda figurando nas nosas listas de suscripción. A nosa desinteresada labor ten o pago na intima satisfacción e no atopar quenes ven con agrado a nosa obra e contribuyen a ela, da maneira que llés é mais doada. Eu nome da Causa, moitas gracias.

Finalmente diremos que a maior parte dos firmantes d'este número colaborarán asiduamente no noso boletín. Outra millora de gran importancia. E facemos punto saudando aos nosos leitores co noso berro sagro.

¡Terra a nosa!

## ¡Alma galega!

*¡Cantos da miña pátria...!*

*Meigos cantos,  
que din penas, contentos e agarimos,  
amostrando as saudades que sentimos  
e as nosas enquietudes e crebantos...*

*¡Dóces amores do meu lar...!*

*Amores,  
fortemente arrigados, que frolecen  
no noso curazón e non decrecen  
mentras, no peito, a vida ten folgores...*

*¡Fala da miña terra...!*

*Tenra fala,  
qu'espresa toda crás de sentimentos,  
e ten notas pra os fondos sofrimentos  
e, pr'a franca ledicia, baril gala...*

*Créndas do meu solar...!*

*Raciales crèndas,  
qu'ensenos forxan e seu sello imprimen  
no noso espíritu, sóber do que esprimen  
das nobres ánsias as sutis esenzas...*

*¡Campos do meu lugar...!*

*Campos mimosos,  
pol-a luz d'un sol morno aloumiñados;  
onde os fantasmas viven cobixados  
tras dos ramallos pechos, misteriosos...*

*¡Qué sopro vos dá vida...?*

*¡Algo do Ceo...!  
¡Si!: nos cantos que dá a xente labrega;  
nos amores ó lar; no meu farreo;  
nas crèndas, e na fala solarega,  
en todo, eu adeviñ'o cintileo.*

*¡Ilda grande alma gallega!!*

*XAN PLA E ZUBIRI  
Xixona, mes do San Xoán de 1925*

# Para moitos homes, e para un que eu sei, sobre todos

Quen poidera sabere si as ideas que nascen no cerebro e saien froridas aos beizos, as mias das veces nos banquetes, conferencias ou parolas, son nascidas no corazón.

Si así fora, non sofriríamos tantos desenganos como sufre o home dende o momento que empeza a traballar pol-a cidadanía e a preocuparse pol-as ideas espalladas por moitos homes que vistos por fora parecen tecidos de sinceridade, e apóstoles nobres e fidalgos, mártires da libertade.

Mais a realidade amóstranos como moitos homes que parece que pensan ben, acobárdanse ou esquecen as suas doctrinas, tan axiña como asomen as cobizas ou os intereses creados, sin ter en conta a semente espallada pol-as suas propagandas, e do que é peor, do daño que fan co-as desilusións causadas nas xentes que os seguiron en momentos de loita creendos de boa fé.

Estas desilusións nos firen mais á fondo que a morte, e coidado que ben demostrado que está nos sega a vida dos nosos mellores amigos, pois non se pode esquecer que o home desilusionado é un escéptico mais que se suma a esa lexión de «pancistas» ou homes do «tanto me dá» que carcomen coa sua indolencia o xermen das novas ideias, quizais das novas ideias que encarnadas nunha mocedade rexia, nos leva-

rían ao concerto dos pobos libres e conscientes dos seus dereitos.

Hoxe mesmo érguese unha nova bandeira, a do consorcio económico da Galicia co Estado hispánol, e queira o ceo que non a vexamos recollida por comenencias «políticas» ou cansancio, como se viron outras moitas que en tempos foron enarboladas con gallardía e entusiasmos, pero sin fé, e gardadas despois cobardemente, ou esquenecidas por comenencias materiais.

Por esto eu, pido neste noso día, á eses homes que tanto saben prometer, que sejan tamén desbotar da sua veira os caciques disfrazados con ese noxento rexionalismo de moda e que non loitan mais que polo seu medro persoal.

E despois, á loitar feramente, coa mirada no ceo limpo da nosa Patria, filando esa estreña meiga que nos guía no santo amor a terra e afincando no cora

rizón os nobres ideás, pra que frozezan acecas do perfume das nosas campiñas e barudas como os nosos piñeiraes.

FERNANDO BLANCO.

## ESPERANZA

*Ainda o luso saudoso, na immensidá dos mares.  
Coida ver o navío, que retorna aos seus lares  
Traendo o corpo esgrevio d'aquel nobre infanzón,  
Que en loita dura e fera na Mauritania ardente  
Perdeu a vida e un trono, grorioso e refulxente,  
Por conquerir as terras que en soños cobizou.*

*Pol-o mundo espallada, de cote perseguida  
Pol-a inxusta soberbia da Europa envilecida,  
Vive a raza semita, os fillos de Sión,  
Que en cada aurora agarda que apareza o Mesías,  
Que ha dé dar cumprimento ás patrias profecías...  
¡Qué ha de xuntar un pobo que arela a redención.*

*Cal recendo de gloria vai na yalma espallada  
A esperanza bendita na Celtia libertada  
Que nas áureas estrofas anuncia Ponda.  
¡Mata de as ansias nosas en mareira crecente,  
Que aquello que nos peitos vive en lume inmorrente  
Por Deus é protexido con alento inmortal!*

M. LUGRÍS FREIRE.

*A Cruña, Santiago, 1925.*

## N-esta xornada...

O Fialho d'Almeida, nas páxinas alumíñadas d'un libro cuase descoñecido na nosa Terra, estudia a influencia de Galicia en Lusitania, e romata afirmando, «sen maiorménte ferir o escrúpulo científico», que *Portugal foi a primeira colonia galega*.

Parto d'esta cita pra axudar a interpretación do contraste: o país que colonizou a Portugal no espírito, nas artes, no traballo – asegún demostración documentada d'unha das prummas lusas mais ergrevias – pasou, xa fai tempo, ó papel pasivo de colonizado. As hexemónias estranhas, despersoalizaron, someteron-o, agriollaron-o. Vede como a nosa Terra, d'un grado de civilización que lle permitía imponer, pacificamente, a sua cultura a outro pobo, recuóu hasira un estado de primitivismo, no que nin as libertades naturais do home teñen vixencia.

No orde da civilidade, pra Galicia pasan-o en valde moitos séculos arreo. O sangue dos que morreron pol-a libertade, derramouse no ermo. As verbas dos que cantaron a nova era soñada prá terra, perderonse en ecos soedosos e tristeiros.

Sê o Día de Galicia non ha de sere unha xornada de rebeldía escontra ese hestórico malfado da raza, mais nos valera borral-o das calendas. Fuxamos de faguer do día de Galicia unha festa de retórica, unha orxía de literatura de circunstancias. Fagamol-o unha anual epifanía das arelas libertadoras que deban sahir de nós bruscas, quentes, vivas, coma aturuxos desafiantes e vibradores. Fagamol-o unha romaxe de fé nos destiños da nosa Terra, pra que os espíritos se afervoen e tempre, cal se estiveran chamados a unha loita derradeira. Fagamol-o misa civil, onde somentes comulguen os que sempre levan na y-alma de Manifesto, o sagro nome de Galicia.

VALENTIN PAZ ANDRADE

Vigo.

## Lembranza d'unha invitación agasallosa

*Convidáronm-a unha cea,  
con berzas d-a miña horta.  
Dín as berzas; dín o aceite...  
¡alá vai miña presoa!  
c-a chegar; quedeme lela...  
cando batíron as portas;  
m'empuxaron, coucéáronme,  
pecharon, e... ¡quedei fora!*

*Sentín as bágbas n-os ollos:  
¡sentín unha risa tolá!  
axexei, e vin a Xudas  
repartindo viño e tortas.  
¡Din volta para a casinha,  
lista, contenta e gozosa,  
buscando meu precuriño,  
meu fogar: as miñas sombras;  
mais non contei co-as meigas  
d-as almiñas revoltosas;...  
co-a inquietude d-os falsarios;  
co-as retrancas, nin c-os xornas;...  
o probiño do escariote  
foi «meter os cans n-a bouza;»  
desamarroulles o bozo;  
a rentes cortou a corda,  
e como lebres fuxidas  
brincaron pol-a congostra.  
¡Ay, a miña nai, qué lobos!  
¡corrian como raposas!*

*Eu espereinos serea,  
ben asentada n-as zocas:  
os brazos encrucillados;  
ben resolta e moi ben posta;  
rindo co-a mais franca risa;  
a decirles persurosa:  
—¡Cadelas cegas d-a envexa,...!  
¡roede n-as carnes próneas!;  
¡encetádevo - los denies,!  
¡descarnádevo - la gorxa!  
Nin vos amo nin vos odio.  
(¡pol-o Dios, que nos escoita!-)  
se d-os vosos berros fuxo;  
d-os escouceos, d-a liortaz...  
e porque... sendo algo música  
abofé se non m-axordan!,*

FRANCISCA HERRERA E GARRIDO

Oleiros, Junio - 1925

# PRA TI IRMAN GALEGO

Galego: Si és GALEGO, axoennlate e prega con unzón sagra pol-o rexurdir da tua Terra.

Hoxe, é o día meirande pra tí. O día en que, o Apóstolo, o Santo Síñor San-Yago pelengrino, o dás cunchas de vieira, o do bordón, o que percorreu paso a paso a Nosa Terra pregoando a relixión de Cristo; o que, por abondarlle co báculo, na sua vida usou «flamigera espada», nin montou en branco cabalo, nin matou mouros en Clavixo, esperta do seu sono e dá audenza aos seus fillos. Si és galego, és fillo do San-Yago; axoennlate pois, e pregalle pol-á tua Terra.

As campás da nosa eirexa, do mosteiro sagro onde se gardan as nosas Taboas da Lei, tanxen hoxe con forza, ledeçando a terra.

Os seus tanxidos, son tanxidos raciaes que chegan aos mais apartados currunchos da Galiza. En cada són de campá, vai un místico saudo dos santos do Pórtico da Gloria. O mestre Mateo, o que, soupo trocal-os santos en santos galegos, esperta, e diche.

«Galego: Si non és GALEGO, vaite ao Pórtico da Gloria, e saturate de galeguismo.»

Galiza, Santa nai e siñora, mándache tamén que n-iste día, fagas xuramento de fondo galeguismo.

Pra tua terra virán-non-o dubides – como n-unha nova vía láctea, templos en qu-as mouras e pedregullentias corredoiras, trocaránse en ledos vieiros de lús e craridade que alumearán con forza o corazón dos teus irmáns.

Galego: Axoennlado hoxe, e c-os ollos car-o ceo, repite co Bardo Ponda:

«De tí, Bethlem escura,  
De tí, pequena Ephrata,  
Saldrá unha lus brillante,  
Saldrá unha estrela mágica,  
Q'alumeará do mundo  
As tenebrosas almas.  
¡Ay dos grandes e esquivos de terra!  
¡Ay das cegas grandezas humanas!»

XAVIER PARDO

Compostela.

# A campana choca

Para ANTONIO NORIEGA VARELA

Cando soas n-a noite pecha e fría  
parecen: n'o teu son triste e dorido  
o lamento d'un can que foi ferido  
gardando o gando y-o amo que durmía.  
N-a noite escura a y-alma s'arrepia  
oindo teu tocar qu-é un alarido,  
un berro xordo de delor saúdo  
d'unha curuxa o lle morrer a cría.  
Casi me dan terror tuas bateladas  
tocand'a morto n-as noites caladas  
en que me quento pretiño do lar;  
antes inda gardabas armunía  
hoxe parés a tórtola que pía  
non alcontrando piño ond'aníñar

ALVARO MARIA DE LAS CASAS

Ourense

# LÚA NOVA

A noite lávase as maus;  
do outo ceo, os anxeliños,  
bótanlle auga de luar.

# CHOVE NA CAMPÍA

Chove na campía. Chove  
miudiño... miudiño...  
Quéixase o vento, choroso,  
no verde triste dos pinos.  
Anoitece. Nos carreiros  
de vagas sombras cinguidos  
como un salaio saudoso  
opiar dos paxariños

XOAN VIDAL MARTÍNEZ

Pontevedra



N-aldeia - Véxome diante d'un branco papel pra recoller impresiós sob-o día de Galicia - Preto da casa estralan os foguetes da festa de San Bieito - Unha múseca ó lonxe fai n-o lugar as visitas da mañan levada pol-o maor-domo da festa - A múseca toca *la Java*, e-a marcha d-os Exploradores, misturadas con valses que deitan sucre. Os músecos levan con certa dinidade un uniforme *kaki* - Con eles ven algúm mozo, de mans escravas, *pajilla*, camisa de *sport*, e-un ramiño d-albahaca n-o ollal.

Os vellos castiñeiros abanean a sua sombra agarimosa - Un petrucio párase a encender o pito c-o esqueiro - As campás fanxen a sua melodía eterna - Un labrego, enxebre ainda, ven tristeiro a lerme unha carta do fillo que se foi no inverno pra América - O rapaz lémbra-se da terra das festas, dos traballos e xa manda algúns cartos - O rapaz pensa n-a volta á terra e sin decatarse traballa n-a sua liberación e n-a liberación da sua casa.

Non vou falar da emigración. Dabondo se falou de ela e moitos fumos os que contra ela temos dito cousas mais ou menos fortes - Mais eu penso hoxe qu-os nosos emigrantes non fuxen da terra, sinón que van a conquerir a sua terra. Levan n-o curazón qu-o campo de loita non está eiquí, y-é como si pensaran que somentes se pode conquerir e liberar a patria, c-o mais fondo dos amores, e c-unha grande forteza económica - I-é certo que

lonxe a saudade queima o curazón facendo erguerse varil o amor da patria, e d-un xeito ou d-outro as posibilidades económicas mais dinas e xenerosas, que van refacendo Galicia son as dos nosos emigrantes.

O Dia de Galicia, debe ser o da mais estreita xuntanza antr'os nosos irmans qu-aló lonxe traballan pola sua libertade, comenzo da libertade da terra, e-os que eiquí seguimos c-os ollos o camiño do ideal que sempre vai diante dos nosos pasos mainos e do noso cativo esforzo. Qu-o noso espírito leve refrexos d-ese ideal ós hirmans que sin decatarse van abrindo os regos en que ha xemolar a semente - E d-unha ves decatémonos de que a nosa obra precisa d-un fundamento económico que sin él non hai liberación, e n-eso si que poden nos servir de bó exemplo os nosos emigrantes que pra facere homes libres comenzañ por conquerir a sua parte de tesouro - E o día de Galicia ben podía acoller esa finalidade...

Tocan pra misa - Voume - Hai que votar un parrafeo n-o adro - E non está de mais recoller un pouco do qu-ainda hai de virxinal n-o alentar da Terra e dos homes - Festas d-aldea, segas, mallas ¡qué lonxe da comedia que dende eiquí leo n-os periódicos!

ANTONIO LOSADA DIÉGUEZ

Moldes, 12 de Santiago de 1925.

## — Dr. MOSTEIRO —

Médico Odontólogo

Medicina e Ciruxía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

Cantón Pequeno, 1 (Casa Pastor) --- A CRUÑA

# No Sant-Iago

Data consagrada no ronsar dos tempos e os amores da Terra.

Ano trás ano ven arrecadal-a xente galega n'unha festa íntima, síntese de sentimento, c'spiritual comunión da raza.

Na vila e na campía, no val e na montaña, eiquí no agarimo do chan petrucial, coma aló na outra banda do mar, cabo do mundo, onde peitos galegos latexen, érguese nos ars e espá-

llase coma un efluvio vital, o salaiar, a un tempo ledo e brando de pracenteira espranza, doido e irto d'un lembrar punxente. Salaiar da raza: evocación do pasado, rexia confianza no porvir.

A nai Galiza que o Santo Patrón evanxelizou, renova cada ano no seu día os xermolos d'unha fé inextinguibel nos outros ideiás de xustiza, d'amor e de libertade que teñen de presidir na vida os destinos dos pobos..

MANOEL BANET E FONTENLA

Monforte

# R O S A L I A

N'este mes cumplíuse un novo aniversario da morte da nosa Santiña. Fai corenta anos que apagouse para sempre a sua voz, a voz galega que siñala unha época siñalando tamén o camiño a seguir polos galegos, fillos espirituás da meiga rula. Mais se ben é certo que ela non nos alumea hoxe, fica a sua inmortal e maxistral obra que vén a ser a nosa mesma patria xa que n'ela atópanse ademirabremente plasmadas as arelas de Galicia.

O nome de Rosalía é tan xurdio, tan grorioso, que faí inútil falar a estas alturas da sua persoalidade no orde literario.

Cada ano que pasa e a medida que a nosa terra vaise decatando do que é, do que representa no concerto dos pobos e das suas necesidades de tal, a lembranza Rosalía faise más viva, más inmorrente porque ela é, repetímos, a repersentación más outa da nosa patria.

Poucos galegos desconocen a sua obra. Agora mesmo acábanse de poñer á venda dous libros, os mais galegos, que estaban agotados. A sua enorme demanda demostranos ben craramente canta é a veneración que Galicia garda hacia a nosa Santiña. ¡Lástima, e non pequena, é que esa obra inmortal vaía adulterada por un osado! Mais ainda así estos libros de Rosalía contribuirán a espallar más a sua obra que debe ser para os galegos como un devocionario santo para consultar a todas horas e adeprender a adorar á nosa Galicia e traballar pol-o seu engrandecemento.

Nós que veneramos a lembranza de Rosalía como algo consustancial ao noso corazón alentamos c'oa espranza de que todolos galegos, sin excepción adeprendan tamén a veneral-a e seguiło camiño que ela nos marcou como faro expresendoroso que alumea o noso camiñar pol-a Santa Terra onde nascimos.

# E S F O R Z O

## I

Hai espíritos a quen foi dado vivir a sua vida sen esforzo? Non o sei. Mas cantos coñecemos somente a conqueridora, posente vontade sempre buscando para o mais alto! As veces o! melancónia da vida agre, as veces inos trunfais.

## II

A Pomba de Platon (alma ceiba e pura) quer voar! Dadelle aas. Que en cada momento ela afagase aos seus voos. Primeiro pequenos despois grandes. Nada lle manque nen unha pruma; tedeia intacta. O miña pomba, almiña saudosa, voarás algúns díais —Aas fortes, aas posentes pra voar, di a pomba. E quizais ja adoita ruben car-a o ceo.

## III

Non vaciles hoje, non digas mañán será; non será nunca. Recordate dos versos de Schiller: «Ha dous camiños na vida: un leva para o ideal outro pra morte, colle agiña o primeiro non seja que teñas que ir pol-o segundo sen te dares conta.

## IV

De qué se faí unha vida verdadeiramente nobre. Do esforzo calado e heroico de cada día.

† JOHAN V. VIQUEIRA.

Debemos este traballo inédito do chorado irmán e mestre á amabilidade da sua viuda, á quien cōmprenos testemuñar o noso agradecimento.

## MÁXIMAS MIÑAS E ALLEAS

As arelas que se cobizan n-iste mundo, fendo fé, costancia e perseverancia; chegan a se conquerir.

Un sentimento pódese oprimir; endexamais extinguir.

Canto de efectividade real hai na terra non eisiste poder humano que sexa capaz de o tumbar.

Si atopas un estorbo no camiño, non te de-teñas; brinca por riba d'él

Cando se desexa un ben, e non eixista outro medio para logralo; faise un mal.

No día de Galicia.

FEDERICO ZAMORA.

## PENEIRANDO

O Ayuntamiento da Cruña concedeu 500 pesetas á revista Alfar para contribuir a facer un número extraordinario adicado á exposición de artistas ibéricos.

Parécenos ben, e felicitamos á Alfar por ese éxito que é o primeiro que logra unha revista de arte e letras nese sentido.

Mais o que nos dá pena, é ver que en froques a institución Murguía-Rosalía que sería algo beneficioso e enaltecedor para os estudos e literatura galegas continúa no esquecemento.

E francamente...

# ENCOL D'UN ARTIGO

Para FEDERICO ZAMORA

D'esta vez hai que lle sair ó paso a Federico Zamora, pol-o que di no seu artigo *Cousas da Renovación* publicado número derradeiro (214) d'este Boletín. Non enxergo a sua *fobia* ós mestres, ós mestres concellaes e depunotados, ós mestres cibdadáns por enteiro. Porque antes, un mestre, nin xiquera era médeo cibdadán, sinón tipo de sainete a escachar de risa e branco doado de calquera cativa arroutada caçquil. Y-csta síntesis do *primeiro maxistrado* das naciós, do xermolador do porvir, otorgábase soilo o título de médeo home, de médeo cibdadán, que tal siñificaba. n-o sacro principio democrático adulterado pol-as taifas caciquiries, recoñecerlle a medeás a reciproca capacidade de eleitor e de elexible pro governo da res-pública. Agora, inda que pasenxtamente, os tempos van cambeando, o Maxisterio vai conquerindo o lugare a que ten dreito, e non paresce lonxano o día en que ha de abranguer a sua completa reivindicación.

Escomenza a pasar o mestre á vida pública por sere unha necesidade n-a organización política do país, pra que non se dea o caso que n-o concello, n-a Diputación ou n-as Cortes sexa, poño por exemplo, un hortera o que tra-ce prans de insiño ou dirixa a cultura popular. O mestre moderno é, por outra parte, un home culto e adoitado a un mando freixible, tolerante, respeituoso das individualidades sin es-quencer o interéz común, i-estas carauterísticas de cultura e mando teñen de exercer sá infruencia n-os fins xenerales das institucións políticas de que forme parte.

Hai escriptos entangarañados que ven soilo n-a labor do mestre o vello trivio de ler, es-quibir e contar, e non sospeitan que hoxe a boa escola é unha república de intereses some-llantes á dos adultos, difícil de gobernar, e que n-ela se adeprenden os principios da cibdadeña faguendo a perparación para a vida cibdadán. Qué exemplo vivo pode dar un mestre sin a prenitude dos dereitos políticos que se lle recoñecen a calquera analfabeto ou parvo?

O mestre pode e debe ser espello de civil-dade. Home moral e austero pol-o seu cárrego,

servidor sin distingos do pobo, sin intereses casi sempre donde vive, económica mente inde-pendiente, a sua actuación política ten de ser recta, desapaixoadá, comeñente ó intrés xene-ral. Quén, mellor que o mestre, pode ostentar cárregos políticos?

E lamentable, pro conceuto intelectual do señor Zamora, que houbese escrito: «Sempre coidamos que o mestre ou escolante, fose eso mesmo que a verba siñifica, insiñar; e endexa-mais se lle ocurriu a ninguén o darlle belixe-ranza aos escolantes n-outros aspeitos que para o que foron creados e para o que estu-daron».

Pra qué serían *creados* Wilson e Besteiro, Mussoline e Marceclino Domingo? Pra qué tan-tos médicos, boticarios, inxeneiros, artesanos ou traballadores que foron ou son grandes po-líticos? Será que hai unha escola de políticos, por min ignorada?

Pensa o señor Zamora que sé ha de resintir o insiño porque haxa mestres concellaes i-al-caldes, pol-o tempo que islos cárregos voluntarios rouben a función docente, i-o señor Zamora olvida que todal-as escolas do mundo fican valeiras n-o vran e que non se hunden as esferas; que a maior parte do ano son cinco as horas de cras e vintecatro as de todol-os días, que non son sempre as sesiós municipa-les en días e horas laborables, que... ¡válame Deus! Pode haber mestres concellaes i-alcal-des que non cumpran c'o seu deber profesio-nal, pero istos, como todos, teñen a sua respon-sabilidade si son denunciados, e xefes que os vixilan e castigan cando non cum-pren c'a sua obrigación. Pra qué sirve a cibdadania?

E poño punto para doerme do mestre do se-ñor Zamora – ¡ingratia profesión! –, e pra lles decir os leutores que non me coñecen que son mestre tamén, pero non concellal nin aspirante a sel-o; que son... (cala, pico!)... galego.

SANTOS VILA

Ribadeo

## Os presidentes do Centro Gallego da Habana

Están entre nós os Sres. Francisco Pego Pita, Presidente do Centro Gallego, e D. Enrique Saavedra, Presidente da Asamblea d'apoderados. Tamén pasou pol-a Cruña o ilustre sacerdote D. José Roberes, Presidente da Asociación Proteitora da Academia Gallega.

Todos estes Señores foron agasallados con diversas festas e banquetes, e con tal motivo falouse da comienencia de estaren mais en contacto os galegos de alem mar cos da metrópoli, xa que agora parez que forman mundo aparte como se aos que viven e traballan en Cuba interesáralles pouco a vida co futuro progreso de Galicia.

Ben sabemos que os galegos emigrados sinten grande amor pol-a terra lonxana e todos quieren voltar á ella algún día. Sabemos tamén que gracias a eles hai na nosa Terra moitas escolas, e non ignoramos que do duro traballo dos emigrados entran costantemente en Galicia gran cantidade de diñeiro.

Mais inda así, entendemos que esa riqueza, esa cultura, ese amor, pódense encauzar de xeito que rindan un maior beneficio a Galicia.

En troques de preparar os nenos para emigrar, nesas escolas debense preparar cidadans pra laborar na propia Terra pol-o seu progreso; en vez de mandar os «portes» para que sallan novos colonos de terras alleas, debense crear e afincar os fogares no chan nativo; e por romate, todo o amor dos galegos ten que s'adicar a facer que Galicia sexa Grande, rica, progresiva, fomentando a propia cultura, o arte, a industria, a concencia galega.

Unha representación da Irmandade da Fala, visitou ao Sr. Pego Pita no seu domicilio sendo gasalleiramente recibida, e tendo ocasión d'apreciar o sentimento de bon galego que alenta no Presidente do Centro,

Tamén foi invitado o noso Primeiro Concelleiro para asistir ao banquete conque os Señores Pego e Saavedra ousequiaron ás autoridades e persoalidades galegas recentemente.

Sen espazo para mais, romatamos saudando nos ilustres Presidentes, do Centro Gallego da Habana á todolos nosos irmans de Cuba.

## *Os sete poemas do vran*

### CALMA CHICHA

*As rúas amarelas,  
con perguiza de bois,  
levan até o mar,  
quentes feixes de sol.*

### NAVIGACION

*O vento mareiro sopra  
nas velas do galeón,  
pol-o xeito do gaiteiro  
inchando o bofe do fol.*

### SEMENTEIRA

*O Sol tira pol-o arado  
con mansedume de boi,  
o ceo nos sulcos quentes  
estrucha as nubens turxentes  
como si fosen limons.*

### BEIRA

*O mar, borracho de sol,  
anda a tombos pol-a playa.  
A montaña lavandeira  
bota arelas nas augas.*

### A SERAN

*Abanéanse no bosque  
bateladas neboentas,  
A dur fouce do río  
pol-a orela sega ás tebras.*

\* \* \*  
*A ponte cabela ás augas  
atercidas e vellas.  
Presas nos fíos do vento  
van abaixando as estrelas.*

### NOITE

*A cibidade pesca á ardora,  
c diante da sua rede  
de luces de ouro tomado,  
fuxe a lua como un peixe.*

### OFRENDA

*Baixo o cincel do labrego  
o dolmen en col do clan,  
abriu os brazos ao ceo  
pra ser cruceiro aldeán.*

Luis AMADO CARBALLO  
Pontevedra.